



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

www.boqueixon.gal

As actividades de exterior estarán suxeitas á posibles modificacións por mor das condicións meteorolóxicas.

Un mes e Pico

CICLO "UN MES E PICO"
ESPELEOLOXÍA DO PICO SACRO
E A CULTURA XACOBEOA

do 18 de maio ó 25 de xuño de 2022



Xacobeo 21-22



CONCELLO
DE BOQUEIXÓN

www.boqueixon.gal

18/05/22 10:30h. No Pico Sacro

APERTURA E PRESENTACIÓN DO CICLO "UN MES E PICO"

21/05/22, 29/05/22, 05/06/22, 12/06/22 17:30h.

Punto de encontro: cumio do Pico Sacro

VISITA TEATRAL: "A RAIÑA LUPA E O ENCANTO DO PICO SACRO".

Os Quinquilláns

Seixo é un mouro, que ten como misión recibir ós peregrinos e á xente que pasa a carón do Pico Sacro. Da man deste encanto coñeceremos á dona de toda a contorna, á poderosa, soberana e intelixente Raíña Lupa. É ela quen nos conta como foi en verdade a lenda do Pico Sacro e as probas que os discípulos de Santiago tiveron que pasar para converter Compostela nunha cidade e o Pico Sacro nun lugar lendario.

28/05/22 e 19/06/22 12:00h.

Punto de encontro: cumio do Pico Sacro

VISITAS GUIADAS: "VIAXE Á ORIXE XEOLÓXICA DO PICO SACRO".

Geotur

O máxico Pico Sacro é un fito xeolóxico e xeográfico único en Galicia. Xeograficamente a súa forma picuda convérteno nun símbolo paisaxístico inconfundible en terras galegas. O seixo puro que o forma, no medio dunha terra de granitos, fai que a súa singularidade e evolución xeolóxica sexan moi especiais. Dende o seu cume temos gran parte de Galicia e Compostela aos nosos pés. Nun sinxelo paseo veremos a orixe, a evolución e os elementos máis característicos da complexa historia xeolóxica e xeográfica do Pico Sacro.

11/06/22 e 18/06/22 11:00h. e ás 16:30h. Punto de encontro:

Centro de interpretación do Pico Sacro (Cachosenande- Lestedo)

BAIXADAS ESPELEOLÓXICAS ÁS COVAS DO PICO SACRO. Federación Galega de Espeleoloxía

Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro guiadas por instrutores pertencentes á Federación Galega de Espeleoloxía. Permitirán coñecer de primeira man a beleza e a importancia espeleolóxica das covas do Pico. Impartirase unha formación básica previa e facilitarase aos participantes o equipamento necesario. A idade mínima necesaria son 12 anos.

18/06/22 20:00h. Capela de San Sebastián no Pico Sacro

CONFERENCIA A CARGO DE FRANCISCO MANUEL MARTÍNEZ GARCÍA

"A Cova do Pico Sacro no contexto da espeleoloxía científica e deportiva"

Presidente da Federación Galega de Espeleoloxía. Espeleólogo dende o ano 1970. Instrutor Nacional de Espeleoloxía e Técnico Deportivo en Espeleoloxía. Fundador e director da *Escuela Española de Espeleología* e da Escola Galega de Espeleoloxía, así como dos Grupos de Espeleosocorro de Galicia e de España. No ano 2010 participou na expedición á sima Krubera-Voronya (Abjasia), máxima profundidade espeleolóxica mundial.

19/06/22 13:00h. no Pico Sacro

CERIMONIA DO LUME SAGRADO

Actuacións de: LUZ DO ILICINIO e RAIOLA Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio

Esta cerimonia celta encabezada pola raíña Alda e o seu séquito, recuperará de forma simbólica a tradición dos nosos ancestros na festa do solsticio de verán a través da obtención do lume sagrado, pero neste caso por medios naturais, é dicir, directamente do Sol nun enclave único como é o "Monte Sagrado de Galicia". Este lume queda custodiado ata o día de San Xoán.

23/06/22 18:00h. ata 20:00h. no Pico Sacro

ENTREGA DO LUME SAGRADO

Todos aqueles que queiran recoller o lume sagrado e prender as súas fogueiras da noite de San Xoán, poden vir ó cumio do Pico Sacro e levar unha candeia acendida con este lume sagrado.

25/06/22 20:00h. na Capela de San Sebastián no Pico Sacro

PECHE DO CICLO E CONFERENCIA A CARGO DE XAVIER GROBA GONZÁLEZ

"O Tesouro Cultural da Cova do Pico Sacro".

Secretario do Clube Espeleolóxico Maúxo (Vigo, desde 1992). Os temas espeleolóxicos preferidos deste profesor son aqueles de interese histórico, etnográfico e arqueolóxico. Para esta ocasión, ten sentido lembrar a súa coautoría no libro *A Cova do Pico: en el interior de la compostelana montaña de cuarzo*, editado polo concello de Boqueixón en 2004.

Actividades de balde.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición.

Máis información e reservas: boqueixonturismo@gmail.com ou 981 513 061 (Dpto. Turismo)